

SORTEO #SANVALENTINMARIÑEIRO

Lugar da Veiga, S.L.L (en diante, Daveiga), con CIF B27317007 e domicilio no Polígono Industrial Os Acivos, parcela A3-D-27500- Chantada (Lugo), realizará unha promoción dirixida aos consumidores/as, a cal se rexerá con arranxo ás bases expostas a continuación. O sorteo desenvólvese no muro do perfil de Instagram de Galletas Daveiga. Sortéase unha mochila cun surtido de Galletas Mariñeiras.

1. REQUISITOS PARA PARTICIPAR

A participación é gratuíta, voluntaria e está limitada a quen cumpra todos os requisitos que a continuación se relacionan:

- Persoas físicas, de calquera nacionalidade maiores de idade, residentes en España.
*O perfil de Instagram do/a participante debe ser real: non debe conter unha entidade falsa.
*Non empregar o sorteo para: difundir ideas políticas ou relixiosas; promover inxurias e/ou calumnias fronte a terceiros; usar linguaxe violenta, obsceno ou ofensivo; publicar contido diferente ao obxecto da mecánica da promoción.

2. MECANISMO DE PARTICIPACIÓN

- Seguir a páxina de Instagram
- Darlle a Me gusta ao post.
- Etiquetar a túa parella e comentar no post do sorteo a onde foi a vosa primeira viaxe xuntos.

3. PRAZOS e RESOLUCIÓN

Os prazos para participar no sorteo son:

Dende o **venres 7 de febreiro** ata o **venres 14 de febreiro** ás 10:00 horas de 2020. A resolución farase pública no perfil de Instagram de Daveiga o **14 de febreiro ás 14:00h.**

4. PROCEDEMENTO DO SORTEO

- Daveiga empregará a aplicación **Sortea2** para realizar o sorteo. Esta ferramenta designará aleatoriamente ao gañador/a do sorteo. No caso de que o gañador/a non cumpra coas bases do sorteo pasará a recibir o premio o/a suplente.
- Daveiga resérvase o dereito de non aplicar a oferta a calquera que trate, ou chegue a, defraudar, alterar ou inutilizar o bo funcionamento e o transcurso normal e regulamentario da promoción.
- Haberá un máximo de **5.000** participacións.

5. ORGANIZA

Daveiga Producción Responsable.

6. DATOS PERSOAIS

De acordo co disposto no Regulamento Xeral (UE) 2016/679 de Protección de Datos informámoslle que os datos facilitados serán utilizados unicamente para realizar o sorteo. Os datos integraranse nun ficheiro titularidade de Daveiga quen os tratará unicamente coa finalidade de xestionar o desenvolvemento do concurso e a entrega do premio. Os participantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade en calquera momento, mediante escrito, acompañado da copia do documento oficial que lle identifique dirixido ao seguinte enderezo: Lugar da Veiga S.L.L, con CIF:B – 27317007 e domicilio en Polígono Industrial Os Acivros, parcela A3-D-Chantada- Lugo A notificación dos datos persoais terá carácter obrigatorio para a xestión dos premios (nome, apelidos, dirección de entrega do premio e teléfono). Calquera comunicación falsa de datos persoais dará dereito a Daveiga a descalificar ao gañador/a e/ou a dispoñer do correspondente premio.

Os aspectos non previstos nas bases serán resoltos pola organización. Os participantes no sorteo aceptan as bases.

7. PREMIO

- Un surtido das nosas **Mariñeiras vermellas** (Mariñeiras Especial Bocado 500gr., Mariñeiras Clásicas 200gr. (x2), Mariñeiras Especial Canapés 125gr.)

O premio será exclusivamente entregado dentro do **territorio peninsular español**. En ningún caso poderá ser obxecto de cambio, alteración ou compensación a petición de ningún dos/as gañadores/as.

8. MODIFICACIÓNS E OU ANEXOS

Daveiga resérvase o dereito a realizar modificacións ou engadir anexos sobre as presentes Bases en relación coa súa mecánica e premio, sempre que as mesmas estean xustificadas ou non perxudiquen aos participantes, se realicen dentro do período de vixencia da promoción, e se comuniquen a estes debidamente.

Daveiga non será responsable se por caso fortuíto ou de forza maior a promoción non se puidese levar a cabo nalgún dos seus termos especificados nas presentes Bases, sen outra obrigaón para Daveiga. En tal caso, Daveiga poderá optar pola publicación dunha nova mecánica polo mesmo medio aos empregados para a difusión inicial da promoción ou anulación da mesma, sen que xere ningún tipo de responsabilidade para Daveiga. Igualmente, Daveiga non será responsable polo mal funcionamento da aplicación.